

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E COMPETITIVIDADE

4614 *Real decreto 265/2015, do 10 de abril, polo que se modifica o Real decreto 1658/2012, do 7 de decembro, polo que se aproba o Plan estatístico nacional 2013-2016.*

A Lei 12/1989, do 9 de maio, da función estatística pública, establece no seu artigo 8 que o Plan estatístico nacional é o principal instrumento ordenador da actividade estatística da Administración xeral do Estado e terá unha vixencia de catro anos. E no artigo 8.2, a lei dispón que o Goberno aprobará por real decreto o programa anual coas actuacións que se deban desenvolver en execución do Plan estatístico nacional, así como as previsións que para tal efecto se deban incorporar aos orzamentos xerais do Estado. Pola súa banda, no artigo 9 a lei determina que, para efectos do previsto no artigo 149.1.31.^a da Constitución española, terán a consideración de estatísticas para fins estatais todas as estatísticas incluídas no Plan estatístico nacional.

Pola súa vez, o Real decreto 1085/2014, do 19 de decembro, polo que se aproba o Programa anual 2015 do Plan estatístico nacional 2013-2016, establece na súa disposición adicional primeira que as operacións estatísticas 6562 Estatística de movementos turísticos dos españois (Familitur), 6563 Estatística de movementos turísticos en fronteiras (Frontur) e 6564 Enquisa de gasto turístico (Egatur), actualmente competencia do Instituto de Turismo de España, pasarán a ser competencia do Instituto Nacional de Estatística ao longo de 2015. Pola súa banda, a disposición derradeira primeira do dito real decreto determina que, para efectos do establecido na disposición adicional primeira, se levará a cabo con carácter previo a modificación do Real decreto 1658/2012, do 7 de decembro, polo que se aproba o Plan estatístico nacional 2013-2016.

En consecuencia, este real decreto incorpora ao Plan estatístico nacional 2013-2016 o cambio de competencia para realizar as operacións 6562 Estatística de movementos turísticos dos españois (Familitur), 6563 Estatística de movementos turísticos en fronteiras (Frontur) e 6564 Enquisa de gasto turístico (Egatur) do Instituto de Turismo de España ao Instituto Nacional de Estatística que se vai efectuar ao longo de 2015.

Este real decreto foi ditaminado polo Consello Superior de Estatística, segundo establece o artigo 3.b) do Real decreto 1037/1990, do 27 de xullo, polo que se regulan a composición, a organización e o funcionamento do Consello Superior de Estatística. Tamén foi sometido a informe da Comisión Interministerial de Estatística, en cumprimento do disposto no artigo 3.1 do Real decreto 1036/1990, do 27 de xullo, polo que se regulan a natureza, as funcións, a composición, a organización e o funcionamento da Comisión Interministerial de Estatística, e do Comité Interterritorial de Estatística, de acordo co estipulado no artigo 43.a) da Lei 12/1989, do 9 de maio.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Competitividade, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 10 de abril de 2015,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1658/2012, do 7 de decembro, polo que se aproba o Plan estatístico nacional 2013-2016.*

O Real decreto 1658/2012, do 7 de decembro, polo que se aproba o Plan estatístico nacional 2013-2016, queda modificado como segue:

Un. Na relación de operacións estatísticas do sector hostalaría e turismo do anexo II, modifícase o nome da operación estatística 6562 Estatística de movementos turísticos dos españois (Familitur), da seguinte maneira:

«6562 Enquisa de turismo de residentes (ETR/Familitur)»

Dous. O nome e a epígrafe «Organismos que interveñen» da ficha da operación estatística 6562 Estatística de movementos turísticos dos españois (Familitur), do sector hostalaría e turismo do anexo II, quedan modificados como segue:

«6562 Enquisa de turismo de residentes (ETR/Familitur)
Organismos que interveñen: INE»

Tres. A epígrafe «Organismos que interveñen» da ficha da operación estatística 6563 Estatística de movementos turísticos en fronteiras (Frontur), do sector hostalaría e turismo do anexo II, queda modificada como segue:

«Organismos que interveñen: INE, D.X. de Tráfico (MINT), AENA, Renfe e Portos do Estado (MFOM) e Aecfa (Asociación Española para a Coordinación e Facilitación de Franxas Horarias).»

Catro. A epígrafe «Organismos que interveñen» da ficha da operación estatística 6564 Enquisa de gasto turístico (Egatur), no sector hostalaría e turismo do anexo II, queda modificada como segue:

«Organismos que interveñen: INE, Banco de España.»

Cinco. Derrégase a epígrafe correspondente á Secretaría de Estado de Turismo, Instituto de Turismo de España, contida no anexo III, segundo, polo que á entrada en vigor se refire, a disposición derradeira única.

Seis. Modifícase a epígrafe correspondente á Subdirección Xeral de Estatísticas de Empresas do Instituto Nacional de Estatística, contida no anexo III, e inclúese o texto seguinte antes da operación estatística relativa aos indicadores de rendibilidade do sector hoteleiro, segundo, polo que á entrada en vigor se refire, a disposición derradeira única:

«6562 16023 Enquisa de turismo de residentes (ETR/Familitur)
6563 16028 Estatística de movementos turísticos en fronteiras (Frontur)
6564 16029 Enquisa de gasto turístico (Egatur)»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día 1 de maio de 2015.

Terán efecto a partir do día 1 de maio de 2015 as seguintes previsións: números un e dous do artigo único; supresión da Estatística de movementos turísticos dos españois (Familitur) na epígrafe correspondente da Secretaría de Estado de Turismo, Instituto de Turismo de España, contida no anexo III do plan (número cinco do artigo único); e inclusión da Enquisa de turismo de residentes (ETR/Familitur) na epígrafe correspondente da Subdirección Xeral de Estatísticas de Empresas do Instituto Nacional de Estatística, contida no anexo III do plan (número seis do artigo único).

Terán efecto a partir do día 1 de outubro de 2015 as seguintes previsións: números tres e catro do artigo único; supresión da epígrafe completa correspondente da Secretaría de Estado de Turismo, Instituto de Turismo de España, contida no anexo III do plan (número cinco do artigo único), e inclusión da Estatística de movementos turísticos en fronteiras (Frontur) e da Enquisa de gasto turístico (Egatur) na epígrafe correspondente da Subdirección Xeral de Estatísticas de Empresas do Instituto Nacional de Estatística, contida no anexo III do plan (número seis do artigo único).

Dado en Madrid o 10 de abril de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Economía e Competitividade,
LUIS DE GUINDOS JURADO